

CHE DOU MEU AMOR

Guión melódico

(canción lenta)

Rafael Dovalo López

<intro> In-daqueas nubes me ta-pen o sol in-daque sequen as

a- guado mar o lu-me queardeno meu cora- zón non semea-pa- ga por máis intentar

Sin-to saudade no peito a-ni- ñar quemedes-perta unha pai- xón dea- mor

que o teu la-do qui- xe- ra le- var con mil fragantes per-fumes de flor. Nace- antr'os pinos o Sol

de a- mañe- cer i'os meus aga- rimos van pr'oteu que- rer. Non teño ri- que- za porque son so- ña- dor

per- o con fir- meza dou- che meu a- mor. *mor. <3> 1* **D. C** *2 mor. <3>* y salta *mor. <3>*

Cheio de me- do a- quel ruise- ñor busca unha ponla pra fol- gos to- mar

por que sos- peita que o de- preda- dor an- da per- ti- ño dis- posto a matar.

a- le- do canta n'o seu piñei- ral tri- na con xeito pra me conso- lar porque na vi- da de-

be- mos pen- sar en compar- tir i'axu- dar os demais Como follas mortas que o ven- to arrin- cou

vou cru- zando hortas que me upaisem- brou Non teño ri- queza porque son soña- dor pe- ro con fir- meza dou-

che meu a- mor. pe- ro con fir- meza dou che meu a- mor. *mor. <3>*

Cb Db Ebm Bb7 Abm Bb7 Cb Db Ebm Bb7 Cb Db Ebm Em6

Inda que as nubes me tapen o sol
inda que sequen as augas do mar
o lume que arde no meu corazón
non se me apaga por máis intentar.

Sinto saudade n'o peito aniñar
que me desperta unha paixón de amor
que o teu lado quixera levar
con mil fragantes perfumes de flor.

Nace antr'os pinos
o sol de'amañecer
i'os meus agarimos
van pr'o teu querer.

Non teño riqueza
porque son soñador
pero con firmeza
douche meu amor.

Cheio de medo aquel ruiseñor
busca unha ponla pra folgos tomar
porque sospeita que'o depredador
anda pertiño, disposto a matar.

Aledo canta no seu piñeiral
trina con xeito pra me consolar
porque na vida debemos pensar
en compartir i'axudar os demáis.

Como follas mortas
que o vento arrincou
vou cruzando hortas
que meu pai sembrou.

Non teño riqueza
porque son soñador
pero con firmeza
douche meu amor.